

Xoves, 16 de xaneiro de 2025

Núm. 10

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## PROVINCIAL

### DEPUTACIÓN PROVINCIAL

#### Subvencións e axudas

*EXTRACTO DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN FINS DE LUCRO PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO*

*BDNS(Identif.):809202*

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/809202>)

#### Primeiro. Entidades beneficiarias

As entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro inscritas na Área de Igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia que teñan a súa razón social ou unha delegación na provincia de Pontevedra e que cumpran todos os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

#### Segundo. Obxecto

Subvencións dirixidas a financiar as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro da provincia de Pontevedra que desenvolvan proxectos, programas e actividades centrados en conseguir a igualdade entre mulleres e homes e loitar contra a violencia machista durante o ano 2025.

#### Terceiro. Lexislación aplicable

Bases reguladoras da convocatoria de subvencións, aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra do 5 de decembro de 2024; Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra; Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2025; Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS; e demais lexislación aplicable.



Xoves, 16 de xaneiro de 2025

Núm. 10

**Cuarto. Contía**

Douscentos mil (200.000,00) euros. A contía máxima da subvención para cada entidade non excederá os sete mil (7.000,00) euros.

**Quinto. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na BDNS.

**Sexto. Outros datos de interese**

- As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para a presentación das solicitudes a citada sede electrónica admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Cada entidade poderá presentar unha única solicitude ao abeiro desta convocatoria.

- Procedemento de concesión: concorrencia competitiva
- Criterios de valoración: os establecidos na base décimo cuarta da convocatoria
- Gastos subvencionables: os relacionados co programa para o que se solicita a subvención
- Compatibilidade: si
- Forma de pagamento: transferencia
- Forma de xustificación: mediante a documentación requirida na base décimo novena da convocatoria
- Prazo de xustificación: ata o 27 de febreiro de 2026 (este incluído)

Documento datado e asinado dixitalmente

